

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 7 DE XANEIRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día sete de xaneiro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta.

Non asisten e presentan escusa don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 2 de xaneiro de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 2 de xaneiro de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos tres membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós e dona Elisa Pestonit Barreiros) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, Sección de Servizos Sociais, da Deputación Provincial da Coruña, de aprobación do Regulamento de funcionamento do Programa de teleasistencia domiciliar da Deputación da Coruña. (Boletín Oficial da Provincia número 248, do 31 de decembro de 2019).
- Orde HAC/1272/2019, do 16 de decembro, do Ministerio de Facenda, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos para os efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2010. (Boletín Oficial do Estado número 314, do 31 de decembro de 2019).

3º.- Toma de coñecemento da Resolución da Alcaldía número 1/2020, respecto da modificación da delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados da Resolución de Alcaldía núm. 1/2020, do 30 de decembro, que se transcribe literalmente a continuación:

«Vista a Resolución da Alcaldía 1324/2019, de 1 de xullo, de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local que literalmente se transcribe a seguir:

“O artigo 23.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 65.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 71 do Regulamento orgánico municipal establecen que lle corresponde á Xunta de Goberno Local a asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións, así como as atribucións que o alcalde ou o Pleno lle deleguen, ou as que lle atribúan as leis.

Os artigos 47 e 74 do Regulamento orgánico municipal establecen que o alcalde pode efectuar delegacións a prol da Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, tendo os acordos adoptados o mesmo valor que as resolucións que dite o alcalde no exercicio das atribucións non delegadas.

O artigo 61.4 da Lei 5/1997 e artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, establecen que o acordo de delegación determinará o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades ou potestades que se deleguen, así como as condicións específicas do seu exercicio.

O artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e o artigo 44 do Regulamento orgánico municipal establecen as atribucións que corresponden ao alcalde, determinando no seu apartado 3, cales desas atribucións poden ser obxecto de delegación.

Facendo uso das citadas atribucións, **RESOLVO:**

Primeiro: Delegar na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións desta Alcaldía que a continuación se relacionan:

1. As competencias como órgano de contratación respecto de:

- os contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- a adjudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos administrativos do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Esta competencia delegada levará aparellada a de autorizar e dispoñer os gastos correspondentes contra partidas orzamentarias cuxa xestión lle corresponda, en virtude do establecido nos artigos 116.5 e 117.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e demais actos e trámites que, en xeral, a normativa vixente atribúe ao órgano de contratación, con excepción das competencias delegadas mediante Resolución desta Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, na concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, respecto da dirección e xestión administrativa da contratación local, as competencias que o artigo 118 da LCSP atribúe ao órgano de contratación na tramitación dos contratos menores, e a competencia para autorizar e dispoñer os gastos correspondentes nos contratos menores de contía inferior a 6.000 euros IVE excluído.

2. A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

3. A devolución de garantías de todo tipo de contratacións e concesións que deriven de asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local.

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, corresponden a esta Alcaldía o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra as resolucións ditadas no uso das facultades delegadas.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e déase conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno municipal na primeira sesión que teña lugar, isto sen prexuízo de que a delegación efectuada a prol da Xunta de Goberno Local xurdirá efecto dende o día seguinte á data desta resolución”.

Visto que ao amparo do segundo parágrafo, punto 1, do resolvendo primeiro, se delega na Xunta de Goberno Local a competencia para adxudicar as concesións do dereito de uso privativo sobre as urnas e cinseiros no Cemiterio Municipal de Cambre en tanto que se lle atribúe “a adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local”.

Facendo uso das atribucións que me outorgan os artigos 23.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 65.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, 71 do Regulamento orgánico municipal, 47 e 74 do Regulamento orgánico municipal, 61.4 da Lei 5/1997, 50 do Regulamento orgánico municipal, 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 44 do Regulamento orgánico municipal, **RESOLVO:**

Primeiro: Modificar o parágrafo segundo do punto 1, resolvendo primeiro, da resolución desta alcaldía número 1324/2019, do 1 de xullo, exceptuando da “adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local” as concesións do dereito de uso privativo sobre as urnas e cinseiros no cemiterio municipal.

Segundo: A Resolución número 1324 /2017, do 1 de xullo, queda redactada do teor literal seguinte:

“O artigo 23.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 65.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 71 do Regulamento orgánico municipal establecen que lle corresponde á Xunta de Goberno Local a asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións, así como as atribucións que o alcalde ou o Pleno lle deleguen, ou as que lle atribúan as leis.

Os artigos 47 e 74 do Regulamento orgánico municipal establecen que o alcalde pode efectuar delegacións a prol da Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, tendo os acordos adoptados o mesmo valor que as resolucións que dite o alcalde no exercicio das atribucións non delegadas.

O artigo 61.4 da Lei 5/1997 e artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, establecen que o acordo de delegación determinará o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades ou potestades que se deleguen, así como as condicións específicas do seu exercicio.

O artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e o artigo 44 do Regulamento orgánico municipal establecen as atribucións que corresponden ao alcalde, determinando no seu apartado 3, cales desas atribucións poden ser obxecto de delegación.

Facendo uso das citadas atribucións, **RESOLVO:**

Primeiro: Delegar na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións desta Alcaldía que a continuación se relacionan:

1. As competencias como órgano de contratación respecto de:

- os contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- a adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local, salvo a concesión do dereito de uso privativo sobre urnas e cinseiros no cemiterio municipal, e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos administrativos do orzamento nin o importe de tres

millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Esta competencia delegada levará aparellada a de autorizar e dispoñer os gastos correspondentes contra partidas orzamentarias cuxa xestión lle corresponda, en virtude do establecido nos artigos 116.5 e 117.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e demais actos e trámites que, en xeral, a normativa vixente atribúe ao órgano de contratación, con excepción das competencias delegadas mediante Resolución desta Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, na concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, respecto da dirección e xestión administrativa da contratación local, as competencias que o artigo 118 da LCSP atribúe ao órgano de contratación na tramitación dos contratos menores, e a competencia para autorizar e dispoñer os gastos correspondentes nos contratos menores de contía inferior a 6.000 euros IVE excluído.

2. A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

3. A devolución de garantías de todo tipo de contratacións e concesións que deriven de asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local.

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, corresponden a esta Alcaldía o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra as resolucións ditadas no uso das facultades delegadas.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e déase conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno municipal na primeira sesión que teña lugar, isto sen prexuízo de que a delegación efectuada a prol da Xunta de Goberno Local xurdirá efecto dende o día seguinte á data desta resolución”.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e déase conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno municipal na primeira sesión que teña lugar, isto sen prexuízo de que a delegación efectuada a prol da Xunta de Goberno Local xurdirá efecto dende o día seguinte á data desta resolución.»

4º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 27 de decembro de 2019 ao 2 de xaneiro de 2020, que comeza coa resolución da Alcaldía número 2653/2019 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 28/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2653/2019	27-12-2019	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 2 de xaneiro de 2020
2654/2019	27-12-2019	Recoñecemento de obrigas correspondente á terceira achega do convenio de colaboración entre o concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás, para o desenvolvemento de actividades extraescolares no centro durante o curso 2018-2019, así como posterior pagamento
2655/2019	27-12-2019	Licenza de parcelación de finca nos Campóns, Sigrás. Solicitante: OBM
2656/2019	27-12-2019	Recoñecemento de obrigas correspondente á terceira achega do convenio de colaboración entre o concello de Cambre e a ANPA Brexo-Lema do CEIP Emilio González López, para o desenvolvemento de actividades extraescolares no centro durante o curso 2018-2019, así como posterior pagamento



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2657/2019	27-12-2019	Aprobación de despesas do IVE repercutido polo autoconsumo municipal de auga e o canon de saneamento do ano 2019
2658/2019	27-12-2019	Aprobación do pagamento da achega municipal concedida ao abeiro do convenio de promoción do baloncesto durante a tempada 2017/2018
2659/2019	27-12-2019	Recoñecemento de obriga de pagamento anticipado da matrícula para un curso presencial denominado "Curso de Especialización en Sostenibilidade e Innovación Social (CESIS)", da Cátedra Inditex-UDC de Sustentabilidade, por importe total de 600,00€, mediante transferencia bancaria ao seu favor, para a participación de don Óscar Souto Muíño, enxeñeiro de camiños, canles e portos
2660/2019	27-12-2019	Aprobación da primeira achega do convenio de promoción do ciclismo durante o ano 2019
2661/2019	27-12-2019	Aprobación da acreditación do destino dos fondos recibidos con cargo ao convenio de promoción do judo durante o ano 2017
2662/2019	27-12-2019	Aprobación da acreditación do destino dos fondos recibidos con cargo ao convenio de promoción do hokei durante o ano 2017
2663/2019	27-12-2019	Pagamento diferencias nómina de mes de decembro por incorporación de funcionario interino posterior ao peche
02664/2019	27-12-2019	Subvención a proxectos de promoción e dinamización do Xacobeo 2021 dentro do programa O teu Xacobeo
2665/2019	27-12-2019	Contrato Menor subministración dunha máquina de corte por plasma e ranurado de metal para corte manual de 25 mm (1 pulg.) e perforación mecanizada de 20 mm (3/4 pulg.) para o obradoiro de metal do Centro Municipal de Formación
2666/2019	27-12-2019	Aprobación da achega do segundo prazo do convenio de promoción do fútbol durante 2018
2667/2019	27-12-2019	Recoñecemento de obrigas correspondente á terceira achega do convenio de colaboración entre o concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, para o desenvolvemento de actividades extraescolares no centro durante o curso 2018-2019, así como posterior pagamento
2668/2019	27-12-2019	Recoñecemento de obrigas correspondente á terceira achega do convenio de colaboración entre o concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro, para o desenvolvemento de actividades extraescolares no centro durante o curso 2018-2019, así como posterior pagamento.
2669/2019	27-12-2019	Concesión de prórroga de finalización da vivenda sita en Fonte do Galo, Brexo
2670/2019	27-12-2019	Declaración de ruína a licenza de construción da vivenda sita no lugar de Fontenla, parroquia de Pravio
2671/2019	27-12-2019	Licenza de segregación de finca en Cecebre, Fraiz, propiedade de AMC
2672/2019	30-12-2019	Pago dos premios do XIX Torneo de xadrez Agosto en Cambre 2019 e do I Torneo de xadrez Cambre Biltz 2019
2673/2019	30-12-2019	Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais do colexio público de Sigrás para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro, no curso escolar 2019/2020
2674/2019	30-12-2019	Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA Brexo-Lema do CEIP Emilio González López para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro, no curso escolar 2019/2020
2675/2019	30-12-2019	Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA A Curuxa do CEIP Portofaro para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2019/2020
2676/2019	30-12-2019	Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA

		Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2019/2020
2677/2019	30-12-2019	Recoñecemento de obrigas correspondente á terceira achega do convenio de colaboración entre o concello de Cambre e a ANPA Mencer, para o desenvolvemento de actividades extraescolares no centro durante o curso 2018-2019, así como posterior pagamento.
2678/2019	30-12-2019	Aprobación certificacións Canarga plaza 1º de maio
2679/2019	30-12-2019	Aprobación de certificación correspondente á obra "Remodelación da praza Europa en Cambre (Fase II)", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe total de 34.602,42 euros, así como o seu pagamento.
2680/2019	30-12-2019	Aprobación de certificacións correspondentes á obra "Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Lote 1", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes as facturas por importe total de 233.267,16 euros, así como o seu pagamento
2681/2019	30-12-2019	Aprobación de proposta de mandamento de pago e pagamento de operacións non orzamentarias por conto de calidade descontados nas certificacións.
2682/2019	30-12-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 111.221,88 euros
2683/2019	30-12-2019	Reposición legalidade urbanística por construción de chabolo sen licenza en finca sita en Lugar de Sarnoso, Brexo. Propiedade: JCHF
2684/2019	30-12-2019	Proposta de aprobación de comisións bancarias xeradas polo uso do TPV virtual vinculado á conta de recadación da auga nos meses de outubro e novembro de 2019
2685/2019	30-12-2019	Aprobación da lista provisional de admitidos/excluídos para a creación dunha relación de docentes para a súa contratación temporal ou funcionario interino
2686/2019	30-12-2019	Prórroga do orzamento do exercicio 2019 ao 2020.
2687/2019	30-12-2019	Alta e baixa de participantes PRISMA
2688/2019	30-12-2019	Aprobación de despesas e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe de 30.502,76 euros
2689/2019	30-12-2019	Aprobación de facturas e certificacións "Reordenación contorna rúas Polígono e Francisco Añón"
2690/2019	30-12-2019	Concesión axuda aluguer parte do recibo do mes de decembro de 2019 por importe de 238,28 euros a MMS
2691/2019	30-12-2019	Aprobación bolsas estudo PRISMA xullo-outubro
2692/2019	30-12-2019	Aprobación bolsas estudo novembro-décembro PRISMA
001/2020	30-12-2019	Modificación da delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local.
0002/2020	30-12-2019	Facturas e certificación rúa Estanque
0003/2020	30-12-2019	Aprobación de certificacións correspondentes á obra "Pavimentación de beirarrúas en rúa Sil da mazá M3 da Barcala (Fase 2)", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes as facturas por importe total de 14.327,88 euros, así como o seu pagamento
0004/2020	30-12-2019	Aprobación de proposta de mandamento de pago e pagamento de operación non orzamentaria pola restauración do Cruceiro de San Paio, de Brexo
0005/2020	30-12-2019	Proposta de aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe de 23.518,76 euros
0006/2020	30-12-2019	Aprobación da conta xustificativa para a reposición de fondos do anticipo de caixa fixa do período 22/12/2018 ao 30/12/2019. ACF 1/2019 Tesourería municipal



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

0007/2020	30-12-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 140.545,30 euros (EMALCSA)
0008/2020	30-12-2019	Aprobación de certificacións correspondentes á obra "Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais" incluída no (PAI) 2016", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes as facturas por importe total de 75.084,34 euros, así como o seu pagamento
0009/2020	31-12-2019	Aprobación de certificacións correspondentes á obra "Acondicionamento beirarrúa na Barcala", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes as facturas por importe total de 36.346,32 euros, así como o seu pagamento
0010/2020	31-12-2019	Aprobación da xustificación do convenio de promoción do judo 2018
0011/2020	31-12-2019	Proposta de aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe de 73.497,90 euros
0012/2020	31-12-2019	Aprobación da xustificación e proposta de pago das subvencións municipais a entidades veciñais sen fin de lucro para actividades/investimentos/transportes deportivos correspondentes ao ano 2018. entidades pendentes: SP Cambre, hockey cambre, fútbol O Dolmen
0013/2020	31-12-2019	Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2019/2020.
0014/2020	31-12-2019	Anulación de dereito recoñecido do exercicio 2018 por erro na súa contabilización
0015/2020	31-12-2019	Aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cambre e o Club Baloncesto Cambre para a promoción do baloncesto 2019
0016/2020	31-12-2019	Aprobación xustificación convenio promoción do hóckey 2018
0017/2020	31-12-2019	Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e o Hóckey Club Cambre para a promoción do hóckey 2019
0018/2020	31-12-2019	Aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cambre e entidade colaboradora Asociación de Clubs de Fútbol de Cambre para a promoción do fútbol durante o ano 2019.
0019/2020	31-12-2019	Aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cambre e o Judo Club Cambre para a promoción do judo 2019
0020/2020	31-12-2019	Aprobación xustificación Convenio As Mariñas 2018
0021/2020	31-12-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 26.746,05 euros.
0022/2020	31-12-2019	Convenio 2019 Fundación WFF
0023/2020	31-12-2019	Aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cambre e o club Béisbol Cambre para a promoción do béisbol 2019
0024/2020	31-12-2019	Aprobación da xustificación así como recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á convocatoria de bolsas para deportistas de Cambre durante 2019
0025/2020	31-12-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 195.464,04 euros.
0026/2020	31-12-2019	Proposta de aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparo da Intervención por importe de 37.973,51 euros
0027/2020	31-12-2019	Mobiliario servicios sociais
0028/2020	31-12-2019	Aprobación do recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes ás bolsas de estudo concedidas do curso 2019/2020, así como o seu pagamento
0029/2020	02-01-2020	Declaración de ruína de edificación sita nos Coruxos, San Lourenzo. Propiedade: MVFC e MFC



E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente
Oscar A. García Patiño

A secretaria accidental
Verónica Maria Otero López